

BASES ENREGUÉIFATE

Certame de regueifas en vídeo

Os concellos de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo convocan o certame Enreguéifate, que se rexerá polas bases que seguen.

OBXECTO

1. O certame pretende apoiar e difundir a regueifa como forma de improvisación oral e contribuír á promoción do uso da **lingua galega**.
2. A participación é aberta e **de balde** e concrétese co envío dun vídeo no que, cando menos, dúas persoas aparezan regueifando en lingua galega.

CATEGORÍAS E CARACTERÍSTICAS DOS VÍDEOS

3. Establécense dúas categorías:

- **Xeral**, na que pode participar calquera persoa.
- **Escolar**, na que pode participar alumnado de ensino non universitario (calquera nivel de educación infantil, primaria, secundaria, formación profesional, ensinanzas especiais, artísticas, escolas de música, de danza ou de idiomas). Nesta categoría, as persoas participantes representarán o centro educativo no que estuden, aínda que poden inscribirse co nome da súa aula ou co que decidan adoptar para diferenciárense doutras que participen do mesmo centro.

4. Características dos vídeos:

- O idioma empregado ten que ser o **galego**.
- A **temática é libre**.
- En cada vídeo deben aparecer, cando menos, **dúas persoas**.
- Unha mesma persoa pode participar en **varios vídeos**.
- A duración máxima das pezas será de **3 minutos**.
- Non se establecen restricións no **formato**, sempre e cando as gravacións se aprecien de xeito claro.
- Non se poderán transmitir imaxes ou mensaxes violentas, ofensivas e/ou discriminatorias. A organización descartará aqueles vídeos con **contidos** que non considere apropiados.

INSCRIPCIÓN

5. Os **vídeos** enviaranse a través da web de Enreguéifate (www.enregueifate.gal) xunto co **formulario de inscrición** cuberto que se atopa na propia páxina. De existir calquera problema ou dúbida, a canle de contacto coa organización do certame será o correo electrónico info@enregueifate.gal.

6. No caso de participantes **menores de 14 anos**, a inscrición deberá facela unha persoa adulta (titor/a legal ou docente), que no propio formulario deberá declarar que conta coa autorización asinada polos/as seus/súas titores/as legais para que participen e cedan os dereitos de imaxe todas as persoas que aparecen no vídeo.

7. A organización resérvase o dereito a empregar os vídeos participantes na **promoción** do propio certame, agás naqueles casos onde se indique expresamente o contrario no formulario de inscrición.

PRAZO

8. O prazo de presentación esténdese desde o 29 de marzo ao **28 de maio do 2021**.

9. O **veredicto do xurado** darase a coñecer telefonicamente e por correo electrónico ás participantes e a través da web www.enregueifate.gal e das páxinas de Facebook e Instagram de Enreguéifate.

10. Os **premios** serán simbólicos e incluirán a difusión do traballo.

11. Establécense os seguintes regueipremios para cada categoría:

- **Regueifa máis brava:** valoraranse os vídeos cun xeito de regueifar máis ousado, garboso, festeiro e divertido.
- **Regueifa máis aguda:** valoraranse os vídeos máis enxeñosos, creativos e orixinais desde o punto de vista estético.
- **Regueifa máis diversa:** valoraranse os vídeos nos que haxa maior heteroxeneidade entre as persoas participantes en canto a sexo, idade, nacionalidade, etcétera.
- **Regueifa máis reivindicativa:** valoraranse os vídeos cunha temática crítica ou satírica, tendo tamén en conta o tratamento de asuntos de actualidade.
- **Regueifa mellor cantada:** valoraranse os vídeos nos que se demostre unha mellor entoación, afinación e ritmo musical.
- **Regueifa mellor falada:** valoraranse os vídeos nos que se demostre unha mellor calidade lingüística, tendo en conta o uso coidado, correcto e non sexista da lingua galega en todas as súas variantes dialectais.

12. O **xurado** estará constituído por diversas persoas con experiencia e coñecementos no eido da regueifa. De haber aspectos non incluídos nestas bases susceptibles de interpretación, será o xurado quen tome as decisións pertinentes e estas serán inapelables.

13. O feito de concorrer ao certame Enreguéifate implica a **aceptación destas bases**.